

TRABALLO DE HISTORIA ORAL

Vicente Muíño García


Andrés Temprano Duro

NOME: Vicente Muíño García

DATA DE NACEMENTO: 3 de Marzo de 1931

LUGAR DE NACEMENTO: Castro de Vilaboa, Vilaboa, Concello de Culleredo

PARENTESCO CO ENTREVISTADO: Tío avó



Vicente Muíño coa súa dona Ofelia Babío Rocha (Montrove19.03.2004).

Preséntovos a Vicente Muíño García un home traballador e honrado. Naceu en Castro de Vilaboa o 3 de Marzo de 1931, bueno eso é o que pon no seu D.N.I., pero en realidade o entrevistado naceu o 25 de Febreiro do 1931. Naqueles tempos os nenos nacían nas casas non nos hospitales como agora e entónces tardábase en ir ó rexistro civil para dar a notificación do seu nacemento.

Nace no seo dunha familia obreira, é o pequeno de sete irmáns, xa que nesa época eran tradicionais as familias con moitos membros debido que

necesitábase moita xente para traballar a terra, e no caso das mulleres na casa axudando á nai.

A súa nai traballaba de lavandeira, os domingos era o día da recollida da roupa sucia na casa dos homes de ben que vivían na Coruña e devolvíalla limpa os xoves da semana seguinte.

O seu pai traballaba a terra nas leiras dos arredores da casa herdadas dos antepasados xa que nesta familia non había cartos para ir a comprar a tenda e a situación despois da guerra era moi mala, entón dábase a situación de facer en trocos de bens, alimentos, animais sen haber cartos de por medio. Na súa infancia máis nova cando apenas tiña sete anos, mentres os seus irmáns maiores ían traballar nas poucas obras que se facían nos arredores, él sacaba as vacas a pacer nos montes cercanos á súa vivenda.


Un feito importante na súa vida é no ano 1939, con apenas oito anos a meninxite póstrao na cama durante cinco meses, nese tempo estivo a piques de morrer pero o esforzo dos pais gastando o pouco diñeiro que tiñan nun médico que viña pola vila unha vez cada dous días e que lle cobraba dous pesos cada vez que ía. Milagrosamente, “parece que foi Dios”, salvouse duna morte case segura naquela época, xa que a medicina non estaba tan avanzada como hoxe en día.

A situación despois da guerra foi moi crítica, ata Franco dixera que acabara unha guerra pero que comezaba outra peor, a posguerra. Outro feito que describe esta situación é que o seu pai, cando el todavía tiña dez anos levárono preso debido a unha disputa familiar cun tío que vivía poucas casas mais adiante. Acusóuno falsamente de revolucionario diante da Garda Civil e estivo vinteito días na cárcere da Coruña, xa que naqueles tempos cando se quería mal a unha persoa acusábase de calqueira delito aínda que fose falso e a Garda Civil ocupábase del. Só a intervención do cura da parroquia, daquela a Igrexa posuía un forte peso na sociedade e como o seu pai era moi relixioso, xa que facía de monaguillo nas misas, salvóuno de ser fusilado. O seu pai pouco tempo despois de saír do cárcere acolleu ó seu tío na súa casa cando o

andaban a perseguir para darlle unha paliza, aínda así a muller acusóuno despois de mandaren a esa xenté a zouparlle.

No 1945 comeza a traballar de aprendiz de albanel no hotel Embajador na Coruña. Tres anos máis tarde chámanlo a filas do servizo militar. Bota en Figueirido dous longos anos nos que chega a ser cabo. Por aquela época ata no exército, que era do estado, pasábase fame, pero os altos cargos comían ben.

Á volta do servizo militar traballa nas obras dos arredores coma o seus irmáns maiores. No 1955 cácase despois de dous anos de noviazgo con Ofelia Babío Rocha, natural de Montrove e vanse vivir á casa matriz dos seus pais en Vilaboa. Nese mesmo ano nace a súa primeira filla María del Pilar e cinco anos despois nace a súa segunda e última filla Cruz Marina. No ano 1961 abandona a casa dos seus pais para ir a vivir a Vista Alegre en Montrove e seis anos máis tarde marchan a vivir o seu domicilio actual.



Vicente Muíño coa súa dona Ofelia Babío Rocha e as súas fillas María do Pilar (no centro) e Cruz Marina (Castro de Vilaboa 25.08.1965.)

O seu traballo máis importante foi con seguido no 1961 cando traballando pola tarde como albanel atópase co dono da empresa Beín situada creca do Seixal e ofrécelle traballo como ferrallista. Alí estivo vinte anos desempeñando o seu traballo ata que a empresa por unha crise económica fai unha regulación de emprego e bota a todo o persoal ó paro cunha mínima indemnización. No seu tempo libre exercía de matarife de cochos e coellos, oficio que aínda desempeña so nos coellos en Montrove e arredores

O seu último traballo foi como ferrallista na construción do Corte Inglés ubicado na Coruña.

Despois dese traballo xubilase e deixa o oficio para adicarse a sua familia e os traballos da terra sementando millo ,nabizas,patacas etc para o consumo doméstico ademais de ter gando como ovellas, cochos, galiñas e coexos.